

RESOLUCIÓN do 5 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, relativas ao Plan Renova o teu vehículo, así como a selección das entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á convocatoria, mediante tramitación anticipada, para a anualidade 2026. Axencia Instituto Enerxético de Galicia. DOG N° 247, 23/12/2025

Obxecto e finalidade

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión de subvencións para a adquisición no ano 2026 de vehículos do Plan Renova o teu vehículo por parte de persoas físicas e empresas que cumpran cos requisitos e condicións establecidos no articulado desta resolución. As axudas tramitaranse en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento é IN421U).

Persoas beneficiarias

- As persoas físicas con residencia habitual no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- As empresas legalmente constituídas e os empresarios autónomos, que teñan domicilio social ou algún centro de traballo en Galicia.

Actuacións subvencionables

1. Será subvencionable a adquisición de vehículos novos que cumpran os seguintes requisitos e teñan un **custo inferior ou igual a 42.000 €** (impostos incluídos), este límite de custo amplíase a **47.000 €** (impostos incluídos) para vehículos eléctricos con autonomía maior a 30 km en modo eléctrico, e en **6.000 € adicionais** cando se trate dun vehículo adaptado para a utilización de persoas con discapacidade ou se dispón de 8 ou 9 prazas, cun máximo de 6.000,00 euros adicionais por vehículo:

- Vehículos M1 (turismos) cun valor de emisións iguais ou inferiores a 118 g CO₂/km.
- N1 (furgonetas) cun valor de emisións inferiores ou iguais a 110 g CO₂/km no caso de vehículos con MTMA < 2.500 kg ou cunhas emisións inferiores ou iguais a 180 g CO₂/km no caso de vehículos con MTMA ≥ 2.500 kg.

Unha **persoa física** so poderá adquirir **un único vehículo M1** ou N1.

Un **autónomo ou empresa** so poderá adquirir un **máximo de dez vehículos**.

Para os efectos destas bases, establécense as seguintes categorías de proxectos en función do vehículo adquirido:

Categoría proxecto	Vehículo novo adquirido
Tipo 1	Turismos (M1) con emisións iguais ou inferiores a 99 g CO ₂ /km
Tipo 2	Turismos (M1) con emisións iguais ou inferiores a 118 g CO ₂ /km
Tipo 3	Furgonetas (N1) con emisións iguais ou inferiores a 110 g CO ₂ /km no caso de vehículos con MTMA < 2.500 kg ou cunhas emisións inferiores ou iguais a 180 g CO ₂ /km no caso de vehículos con MTMA ≥ 2.500 kg

Para acceder á subvención, será requisito imprescindible que o adquirente titular do vehículo subvencionable acredite a baixa definitiva en circulación dun vehículo que se vai achatarrar no Rexistro de Vehículos da DXT. O vehículo para achatarrar deberá ter unha antigüidade de polo menos 10 anos.

Contía da axuda

A axuda máxima será a seguinte:

Tipo de proxecto	Axuda Inega (€)	Axuda adicional familias numerosas (€)	Desconto concesionario (€)	Total (€) (*)
Tipo 1	3.000	600	1.000	4.000/4.600
Tipo 2	2.000	400	1.000	3.000/3.400
Tipo 3	2.000	400	1.000	3.000/3.400

(*) A segunda cantidade é exclusiva para solicitantes que forman parte dunha familia numerosa, na que a axuda do INEGA se incrementa nun 20%

Minimis

Cando se trate de axudas en que as persoas beneficiarias sexan autónomos, empresas, ou outras entidades que emprendan actividades económicas que repercutan en terceiros, estas axudas quedan sometidas ao réxime *de minimis*.

Dotación orzamentaria

Tipo de persoas beneficiarias	Aplicación orzamentaria	Orzamento (€)
Persoas físicas	09.A3.733A.780.4	3.250.000,00
Autónomos ou empresas	09.A3.733A.772.2	250.000,00
Total		3.500.000,00

Período de subvencionabilidade

A adquisición do vehículo obxecto da subvención e o achatarramento do vehículo que se renova poderase efectuar a **partir do 1 de xaneiro de 2026**.

Prazo de presentación das solicitudes de axuda

O prazo de presentación das solicitudes de axuda irá dende o **22 de xaneiro ata o 30 de setembro de 2026**.